



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS "O PEIRAO"

Santiago de Compostela,

18 ABR. 2018



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal

Santiago, 18/04/2018

Asdo.: Isabel Fernández González

REUNIDOS

Dunha banda

Dunha parte, Dona Susana Rodríguez Carballo, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 8 de setembro de 2017 da delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, nas direccións xerais e xefaturas territoriais e na Presidencia do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (DOG nº 180).

E doutra parte, a entidade Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", NIF: G 15969868 representada por Verónica Veres Tasende (DNI 79330819R), presidenta da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", en virtude dos artigos 22 e 23 dos seus estatutos inscritos no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias o fomento da organización sectorial que se desenvolve co apoio ao asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás confrarías de pescadores, organización de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.

Segunda

Que a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" para o cumprimento dos seus fins socias a goza de plena personalidade xurídica e de autonomía funcional e económica, sen ánimo de lucro e actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a conservación, divulgación do traballo artesanal das redeiras, a loita contra o intrusismo profesional, o fomento da prevención de riscos laborais co fin de evitar e diminuír os riscos laborais derivado do traballo, a promoción da igualdade entre homes e mulleres así como a promoción da participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social das asociacións profesionais de redeiras que a integran.

Terceiro

Que a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" de Pescadores está inscrita no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de rexistro 00/008/2012/C en data 13.08.2012.

Cuarto

Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018) figura a dotación orzamentaria no capítulo IV de Transferencias Correntes 14.03.722A.481.1, proxecto 2014 00639, destinada a financiamento de gastos correntes da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao".

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" (en adiante beneficiaria) co fin de financiar os gastos correntes que se produzan no ano 2018 como consecuencia das actividades que desenvolva a federación ao longo do presente ano.



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago, 18/04/2018

Asdo.: Isabel Fernández González



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Imrandiños s/n Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546177

Fax: 981 546138



galicia

A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago, 18/09/2018

[Signature]

Asdo.: Isabel Fernández González

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa que sexa de aplicación.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración autonómica, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena. Contra as resolucións que dite a devandita comisión, e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpor o oportuno recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

TERCEIRA. ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio a Consellería do Mar aportará á finalidade do mesmo a cantidade de seis mil euros (6.000 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 14.03.722A.481.1, proxecto 2014 00639, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018), mediante asignacións nominativas.

Será condición necesaria para a sinatura do presente convenio que as retribucións do persoal da federación estean adaptadas ao disposto no Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico e á Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018. Requisito que será acreditado mediante certificación do/a secretario/a da federación xunto coa debida xustificación documental que proceda.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través da conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, mediante a presentación da seguinte documentación:

Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incluírá:

a. **Relación das facturas** e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos. Esta relación estará

conformada polo/a secretario/a da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" co visto e prace da súa presidenta.

Aos efectos do artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, e para iso en todos os gastos relacionados con desprazamentos, aloxamento, manutención, indemnizacións, etc, deberá indicarse nunha certificación o nome e apelidos da persoa, vínculo coa federación, lugar, data, hora e motivo do desprazamento.

Tanto a presentación das facturas, que deberá de realizarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como a súa relación ordenada é requisito imprescindible para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda a xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Todos os gastos que se presenten nas xustificacións deberán vir acompañados dos comprobantes de pago por calquera dos medios admisibles, excepto na derradeira xustificación que se admitirán como gastos realizados aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada realizados dentro do ano 2017, non sendo necesario o pago previo por parte da beneficiaria.

Para o caso das indemnizacións por razón do servizo achegarase certificación do/a secretario/a da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", co visto e prace da súa presidenta, no que se recolla o acordo do órgano competente polo que, de conformidade co disposto nos estatutos da federación, se aproban as contías por este concepto.

A beneficiaria deberá achegar, na derradeira xustificación, unha certificación do/a secretario/a da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" que conterá unha relación dos gastos non pagados, xustificando a imposibilidade do seu pagamento. No prazo dun mes, a contar dende o cobro da axuda, débese remitir o comprobante bancario para o seu arquivo no expediente.

Aos efectos do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia considerárase gasto subvencionable o correspondente a unha actividade, servizo ou subministro consumido no ano 2018, aínda que non estea pagado no momento de presentar a xustificación, sempre que estea emitida a factura ou documento de valor probatorio equivalente.

b. Os orixinais das facturas ou documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico ou con eficacia administrativa e dos recibín incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

Cando forme parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe das cotas deberase presentar co documento acreditativo da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate do prazo legalmente establecido para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita



A persoa que asina fai constar que
o importe das cotas deberase
presentar co documento acreditativo da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate do prazo
legalmente establecido para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita

Asdo.: Isabel Fernández González



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Así como a súa copia fai constar que a presente fotocopia coincide coa orixinal.
Rua dos Irmandiños s/n Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Telf.: 981 546177
Fax: 981 546138
Santiago, 18/04/2018

galicia

Asdo.: Isabel Fernández González

presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

c. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido. Cando a actividade subvencionada con cargo a este convenio estea relacionada con accións que teñen outro financiamento deberá achegarse informe detallado de separación dos gastos imputados a cada unha das axudas ou aportacións.

d. Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.

e. Cos gastos derivados das indemnizacións por razón do servizo, relativos a aloxamento, manutención e gastos de viaxe, achegarase unha declaración xurada na que se relacione nome, apelido, relación ou vínculo coa Federación, actividade que xera o gasto. Nos gastos relativos a viaxes, ademais, deberán de expresarse nesta declaración xurada o obxecto de tales viaxes e a súa duración.

Todos os gastos por indemnización por razón do servizo deberán estar directamente relacionados coa actividade da federación.

f. Lugar de presentación da documentación Toda a documentación de xustificación deberá achegarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

De acordo co establecido no artigo 62 e 65 4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Pagamentos consonte ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% é o 16 de novembro de 2018, coa excepción dos gastos correntes do mes de decembro que poderán presentarse ata o 15 de decembro e que deberán de estar indicados como previsións nun anexo á memoria presentada no mes de novembro.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 62 e 63 do Decreto

11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A entidade beneficiaria deberá de solicitar o importe de pagamento anticipado que considere necesario, ata un máximo de 4.800 €. Dado que a axuda está financiada con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, "Transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro" queda exonerada da constitución de garantía, ao abeiro do artigo 65-4º f) do antedito Decreto 11/2009.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para os efectos desta xustificación consideraranse gastos aqueles realizados durante o ano 2018, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

Consonante ao disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu parágrafo h) relativo á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social, "a obriga de presentar a certificación prevista no artigo anterior poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos seguintes casos: h) as subvencións con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo IV, transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro"

QUINTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables aqueles realizados pola beneficiaria como consecuencia das actividades que desenvolva:

- Gastos de contratación de persoal (incluídas as asistencia técnicas puntuais de profesionais). O gastos imputables á contratación de persoal reduciranse na parte equivalente aos axustes retributivos derivados do Título II da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, e relativos ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma.
- Amortizacións e outros gastos correntes (arrendamentos, reparacións, material de oficina, auga, enerxía eléctrica, limpeza, teléfono, correos e outros de similar natureza).
- Gastos financeiros e asimilados. Non serán en ningún caso subvencionables os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargos e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Sí serán subvencionables as restantes comisións bancarias incluídas comisións de apertura e os xuros de pólizas de crédito e préstamos.



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago, 18/04/2018.

Asdo.: Isabel Fernández González



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago,18/04/2018.....

Asdo.: Isabel Fernández González

d. Indemnizacións por razón do servizo:

d.1 Axudas de custo.

Aloxamento e manutención: son as cantidades que se devengan diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estancia fóra da residencia habitual, sempre que estea directamente relacionada coa actividade da federación.

Gastos de viaxe: é a cantidade que se aboa pola utilización de calquera medio de transporte e por razón do servizo.

d.2 Asistencias.

Entenderase por asistencia a indemnización que proceda aboar pola concorrencia a reunións da federación.

O procedemento para a determinación das contías para as indemnizacións por razón do servizo virán determinadas nos respectivos estatutos da federación.



Non obstante, o gasto imputable por razón do servizo previsto no antedito punto d.1 (axudas de custo) terá o seu límite nas contías que para estas indemnizacións se establecen para o persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia para o grupo 2º, no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, modificado polo Decreto 96/2011, de 5 de maio. Terase en conta o establecido no apartado catro do artigo 12º do Decreto 144/2001 do 7 de xuño.

SEXTA. OBRIGAS



Son obrigas da beneficiaria, consonte o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a. Xustificar ante a Consellería do Mar o cumprimento dos requisitos e condicións que levaron á concesión da axuda, incluso coa aportación do certificado ao que se fai alusión no último parágrafo desta cláusula.

b. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro, a efectuar polos órganos desta Consellería, así como por outros órganos de control competentes (Intervención Xeral, Consello de Contas, Tribunal de Contas e os Comunitarios) aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c. Comunicar á Consellería do Mar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

d. Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos consonte a lexislación sectorial que lle sexa de aplicación, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da devandita Lei 9/2007.

A beneficiaria consente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007.



A persoa que asina fai constar que os datos rexistrados son verdadeiros e fielmente co orixinal.

Santiago, 18/04/2008

Asdo.: Isabel Fernández González

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illada ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas prestacións que se deriven deste convenio.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento, composta por dous membros a designar por cada unha das partes asinantes. Por parte da federación serán a súa presidenta e o/a secretario/a e por parte da Consellería un/unha subdirector/a e un/unha xefe/a de servizo pertencentes á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

DÉCIMA. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio, e no restos das



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n Salgueirinos
15701 Santiago de Compostela
Telf.: 981 546177
Fax: 981 546138



A persoa que asina fai constar que
a presente fotocopia coincide
fielmente co orixinal.
Santiago, 12/04/2018

Asdo: Isabel Fernández González

especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, atoparanse obrigadas a subministrarlle a Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e no 132/2006, do 27 de xullo.

UNDÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

Serán causa de resolución deste convenio as recollidas na Lei 9/2007 e, en especial o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A subvención concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento das cláusulas do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola beneficiaria, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean

lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

En todo caso a beneficiaria sométese á normativa vixente en materia de subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

DUODÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará vixente dende a data da sinatura ata o 31 de decembro do 2018, agás que sexa denunciado cun mes de antelación, polo menos, por algunha das partes por incumprimento das estipulacións que nel se recollen.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Mar

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

A CONSELLEIRA

P.D. Orde 08-09-17 (D.O.G. 21-09-17)

A DIRECTORA XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO



Susana Rodríguez Carballo
Susana Rodríguez Carballo

Federación Galega de Redeiras Artesás



"O Peirao"

A presidenta

Verónica Veres Tasende



A persoa que asina fai constar que a presente fotocopia coincide fielmente co orixinal.

Santiago, 18/04/2018

Asdo.: Isabel Fernández González